



**EDUCANDO  
HOXE ÁS  
PERSOAS  
DE MAÑÁ**

**GUÍA SOBRE COEDUCACIÓN PARA FAMILIAS**

ESTA GUÍA ESTÁ  
CREADA PARA QUE  
AS PERSOAS ADULTAS A  
LEAN EN SOIDADE OU  
EN COMPAÑÍA DAS  
NENAS E DOS NENOS  
QUE TEÑEN Ó REDOR.

A IGUALDADE É  
SINÓNIMO DE BOS  
TRATOS, DE  
OPORTUNIDADES, DE  
DEREITOS E DE  
CALIDADE DE VIDA.

UNHA DAS TARFAS QUE  
AS PERSOAS MAIORES  
TEÑEN EN CANTO ÁS  
MÁIS PEQUENAS É  
PROCURARLLES UNHA  
SOCIEDADE MÁIS XUSTA  
E RESPETUOSA.

GUÍA ELABORADA POR:

**LAURA PARDEIRO ÁLVAREZ**

PSICÓLOGA EXPERTA EN EDUCACIÓN

EDITADA POR:


**FAPACEL** (FEDERACIÓN PROVINCIAL  
DE ANPA DE CENTROS PÚBLICOS DE  
LUGO)



# UN MUNDO CHEO DE PERSOAS

**X e Y representan a calquera muller ou calquera home que habita a nosa sociedade hoxe en día.**


**Da súa man comeza a viaxe cara a coeducación.**



**X** é creativa, extrovertida e moi dinámica.

Entrou a traballar nunha coñecida empresa de publicidade ó pouco de rematar a carreira. Dende fai cinco anos é a directora.

Encántanlle as cousas novas, practica todo tipo de deportes e desfruta moito facendo actividades soa.



**Y** é sensible, meticuloso e introvertido. É empregado doméstico nun concello dende fai dous anos.

Gústalle moito a cultura e todas as persoas da súa asociación contan sempre con él para organizar cousas novas. Lee moito e adoita reflexionar sobre as cousas que pasan no mundo e o efecto que teñen para a xente que as vive.

# FALAMOS DISTO CANDO FALAMOS DE IGUALDADE

C  
O  
E  
D  
U

X  
E  
N

F  
E  
M  
I

CORRESPONSABILIDADE  
ACCIÓN

R  
O

I  
S  
M  
O

I  
S  
C  
R  
I  
M  
I  
N  
A  
C  
I  
O  
T  
I  
P  
O

P  
A  
T  
R  
I

MACHISMO

R  
C

VIOLENCIA

D

SEXO

**Coeducación:** Educar as persoas dende a igualdade, independentemente do seu sexo.

**Discriminación de xénero:** Situación de marxinación constante cara as mulleres que está profundamente arraigada na nosa sociedade.

**Estereotipo:** Crenzas populares sobre as actividades, os roles, os rasgos e os atributos que distinguen as mulleres dos homes.

**Patriarcado:** Sistema no que os homes determinan cal é o papel que as mulleres deben interpretar co fin de que estas teñan unha posición inferior á deles.

**Violencia (contra a muller):** Acto violento que ten como motivo a pertenza ao sexo feminino e que ten como resultado o sufrimento e/ou o dano físico, psicolóxico ou sexual, ben sexa na vida privada ou pública.

**Corresponsabilidade:** Reparto equitativo, entre homes e mulleres, das responsabilidades familiares e do coidado das persoas.

**Machismo:** Conxunto de crenzas, condutas e actitudes que xustifican e promoven actitudes discriminatorias cara as mulleres.



**Feminismo:** Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que ten como obxectivo conseguir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

**Sexo:** Condición do corpo que distingue a femia do macho.

**Xénero:** Categoría que analiza como se definen, representan e simbolizan as diferenzas sexuais nunha sociedade.

*Nin machismo nin feminismo, igualdade!*

*Penso que te equivocas.*



# A COSTRUCIÓN DO XÉNERO

GÚSTAME  
DAR CARIÑO

QUERO SER  
LÍDER

NON VOU  
TER FILLOS

QUERO  
MEDRAR PARA  
PODER  
MAQUILLARME



NON ME  
GUSTAN AS  
NENAS

NON TEÑO  
BONECAS

NON ME  
GUSTAN OS  
NENOS



NON LEVO  
PENDENTES



VOU SER  
ENXEÑEIRA,  
COMA A MAMÁ

E CANDO PENSAS  
PRESENTARNOS A  
TÚA PARELLA?

CANDO MEDRE  
VOU TER UNHA  
PARELLA QUE  
COCIÑE BEN

VOUTE COIDAR  
SEMPRE QUE  
POIDA

QUERO SER  
MELLOR PARA  
MIN

**A tipificación sexual é aprender a facerse nena ou neno (muller ou home).**

## Identidade de xénero

A partir dos 3 anos as nenas e os nenos xa se asignan correctamente a unha das dúas categorías. Fíxanse na roupa ou nos peiteados. É no principio da Primaria cando aprenden que ser neno/a depende da anatomía xenital.

1

## Estereotipos de xénero

2

Cara os 3 anos teñen un certo coñecemento dos estereotipos de xénero, que se achega xa bastante ao que manteñen moitas persoas adultas. Isto explícase polo trato diferencial que teñen as nenas e os nenos dende que nacen, o que determinará un comportamento e unhas expectativas moi diferentes en función do seu sexo biolóxico.

## Influencia das persoas adultas

Debido á gran influencia que exercen as figuras adultas (fundamentalmente proxenitores, profesorado e familia próxima) os estereotipos vincúlanse ó sexo biolóxico. Contra os 10-12 anos criticáanse moito as transgresións dos roles de xénero, habendo máis presión nos nenos ca nas nenas.

3

## Identidade sexual

4

No principio da adolescencia os estereotipos flexibilízanse pero pouco tempo despois volven radicalizarse debido á gran presión que fai o grupo de iguais. O grupo fai presión para que se asuman os roles tradicionais de xénero. Nesta etapa acabará de construírse a identidade sexual.


Dende que unha parella coñece o sexo biolóxico da súa criatura xera expectativas sobre o seu comportamento, o seu desenvolvemento e as súas capacidades. O xeito de decorar a habitación, a roupa, os xoguetes escollidos... todo comeza a diferenciarse.




Na etapa preescolar os comportamentos paterno-maternos fanse aínda máis extremos. A maioría das nais e dos pais poñen moita atención en que a conduta das nenas/os sexa o máis estereotipada posible, chegando a preocuparse cando non o é.



Na etapa escolar introdúcense novas expectativas relacionadas coas capacidades para determinados aprendizaxes escolares. Estas diferenzas non existen de xeito biolóxico, senon que responden á relación que as/os nais/pais establecen cas/cos fillas/os.




Na adolescencia os comportamentos estereotípanse completamente, achegándose moito aos roles tradicionais. É habitual que as nais e os pais sexan máis esixentes coas rapazas en cuestións relativas ás saídas, horarios, control de amizades,...



*A educación diferenciada por xénero pon sempre un xénero por enriba do outro: o masculino por enriba do feminino!*


*E cal é o problema de todo isto?*





## Non podemos esquecer a importancia do xogo, da literatura infantil e dos medios de comunicación na transmisión de estereotipos.


O **xogo** ten un papel determinante no desenvolvemento motor, cognitivo e social. Os roles, as aspiracións e os patróns de conduta reproducense coma algo natural e asúmense coma propios da masculinidade ou da feminidade.



A través da **literatura** o ser humano aprende a ter conciencia sobre sí mesmo. Ás mulleres dáselles voz pero, habitualmente, emprégase a súa figura dun xeito non respetuoso. O exemplo máis claro atopámolo nos contos tradicionais, onde a figura feminina aparece subordinada á masculina.



A **televisión, Internet e os videoxogos** son medios que trasmiten valores. A violencia, a agresividade, a competitividade, a transmisión de roles e de estereotipos de xénero son algúns dos aspectos cos que as nenas e os nenos entran en contacto cando consumen debuxos animados ou contido na web.



**A orixe da conducta violenta cara as mulleres son estes valores culturais que actúan sobre cada xénero, establecendo relacións de poder entre ambos.**


**As nenas e os nenos incorporan valores sociais e asumen condutas típicas según o sexo.**

**A socialización nun modelo tradicional de relacións implica atracción cara a violencia e atracción cara a figura masculina de poder.**

**Precisamos reconstruir os xéneros de xeito creativo para poder chegar a unha igualdade real. É preciso educar ás nenas e ós nenos en masculinidades igualitarias e corresponsables. É necesario baleirar de atractivo os modelos masculinos que reproducen violencias e desigualdades e dotar de atractivo os modelos igualitarios.**

**"Romper o silencio" é unha acción fundamental. Débense destapar as situacións de violencia de xénero e crear unha sociedade onde as vítimas non se tratan de xeito negativo.**

*Gracias por deixarme ser Y  
sen obrigarme a ser un home.*



# EXERCICIO PARA ANALIZAR OS ROLES E OS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Trátase de reflexionar sobre unha película, un programa, un videoxogo, uns debuxos animados ou contos.

- **QUEN É A FIGURA PRINCIPAL?**
- **COMO SON AS PERSOAXES MASCULINAS E COMO SON AS FEMININAS?** Fíxate en: xuventude, beleza, valentía, sensibilidade, forza, bondade,...
- **CALES SON OS ROLES QUE TEÑEN E COMO SE RELACIONAN ENTRE ELES?** Fíxate en: quen espera protección, quen é autosuficiente, quen ten un rol familiar, quen toma as súas propias decisións, quen resolve os problemas que van xurdindo,...
- **QUE PASARÍA SE NESE MATERIAL A FIGURA FEMININA E A MASCULINA INTERCAMBIASEN OS PAPEIS?**



# A CORRESPONSABILIDADE NO FOGAR

**FREGAMOS  
CADA DÍA UN**

**OS XOVES  
TEÑO JUDO E  
OS VENRES  
BALLET**

**O PAPÁ TAMÉN  
CHORA**



**A MIÑA  
HABITACIÓN É DE  
COR VERDE**

**VOU Ó COLE  
COAS  
UÑAS  
PINTADAS**

**FAGO OS  
DEBERES  
CO AVÓ**


**Educación en igualdade** é buscar a paz, a saúde e a xustiza intervindo para correxir as prácticas sexistas tanto nos coñecementos coma en valores, linguaxe ou expectativas.

O obxectivo é construír un mundo no que as mulleres e os homes sexan considerados seres humanos diferentes e equivalentes.

O **traballo familiar** (mantemento do fogar, coidado dos fillos e educación dos mesmos) é onde se atopa unha das maiores representacións dos estereotipos de xénero. A muller adoita ter un rol de executora das tarefas e tamén de organizadora das mesmas. De media, as mulleres ocupan nestas tarefas 2,5 h máis diarias ca os homes

As tarefas que tradicionalmente realizan as mulleres son **invisibilizadas e frecuentemente infravaloradas**, non tendo o mesmo recoñecemento ca outras tarefas que tradicionalmente levan a cabo os homes.


Na nosa sociedade as mulleres son proclives a valorar o traballo dos varóns por enriba do seu propio.



A partir dos **10 anos** de idade o 92% das nenas realizan tarefas domésticas e coidan a persoas dependentes invertindo, de media, 4,5h semanais.

Na mesma idade, o 75% dos nenos realizan este tipo de tarefas, pero soamente invirten 2,5h semanais.

*Cada día que pasa a nosa casa é dúas horas máis miña ca túa.  
Bota contas!*




A necesidade de ocio é esencial para que os seres humanos compensen o estrés, para que aumenten a súa saúde e o seu benestar. Calcúlase que o tempo de adicación a unha familia con tres fillos equivale a unha ocupación laboral a tempo completo.

As nais séntense obrigadas a antepoñer as necesidades dos membros da familia ás súas propias. As mulleres teñen menos espazos privados e críticanse máis polas actividades que fan no seu tempo libre.



- Para que as mulleres e os homes opten ás mesmas posibilidades de desenvolvemento persoal e profesional é preciso que **distribúan as horas que lle adican** ó traballo, á familia e ó seu tempo persoal. Do contrario as mulleres continuarán asumindo o coidado de menores e dependentes e as tarefas domésticas.
- A **corresponsabilidade** no fogar é incorporar un cambio de actitude. pasar de "axúdoche a limpar" a **compartir**: "Ti recolles a Mateo no colexio e eu levo a avoa ó médico" ou "Eu recollo a sala, ti fas a comida e os nenos preparan a mesa para comer".
- É imprescindible **negociar o reparto das tarefas** derivadas das necesidades familiares entre todos os membros da familia.
- As tarefas non se aprenden no momento, hai que deixar tempo e, se a persoa se equivoca, acompañala. O modelo "Non sabes, déixao que o fago eu" é un erro.



## EXERCICIO PARA REFLEXIONAR SOBRE A CORRESPONSABILIDADE

Nas tarefas que aparecen no Cuadro 1 marca con diferente cor as tarefas que leva a cabo cada persoa. Por exemplo: laranxa para a muller, verde para o home, etc.

- FACER A COMPRA
- FACER A COMIDA
- XESTIONAR AS CONTAS DO BANCO
- POÑER A MESA
- LEVAR O COCHE Á ITV, LIMPALO E ARRANXALO
- REALIZAR ARRANXOS DE MANTEMENTO DA CASA
- FACER A CAMA
- LIMPAR O CUARTO DE BAÑO
- RECOLLER A MESA
- FREGAR OU POÑER O LAVALOUZAS
- POÑER A LAVADORA
- COORDINARSE CO CENTRO EDUCATIVO
- TENDER A ROUPA
- PLANCHAR
- BARRER E LIMPAR O FOGAR
- AXUDAR Á/Ó NENA/O COS ESTUDOS
- COIDADO DE MENORES E PERSOAS DEPENDENTES

Agora pensa en cada persoa. Imos estudar o número de horas aproximado que lle adica ó longo da semana (de Luns a Domingo) a cada un destes bloques de tarefas.

TEMPO ADICADO Ó TRABALLO REMUNERADO:.....  
TEMPO ADICADO ÁS TAREFAS DO FOGAR:.....  
TEMPO ADICADO ÁS ACTIVIDADES FAMILIARES:.....  
TEMPO ADICADO Á VIDA PERSOAL:.....  
TEMPO ADICADO A OUTRAS ACTIVIDADES:.....

Reflexiona sobre o resultado das tarefas que realiza cada persoa e do tempo que emprega para cada unha delas. En función desto podes negociar, se é necesario, un novo reparto de tarefas que permita correxir as desigualdades.


Despois de dous ou tres meses volve facer este mesmo exercicio e valora se houbo diferencias e se se conseguiron equilibrar as tarefas.

## Favorecer o ambiente igualitario no fogar implica:

- FOMENTAR POR IGUAL NAS NENAS E NOS NENOS O DESENVOLVEMENTO DE TODAS AS SÚAS CAPACIDADES
- POTENCIAR O PENSAMENTO CRÍTICO CARA AS ACTITUDES SEXISTAS
- REVISAR O CONTIDO Ó QUE ACCEDEN (DEBUXOS, INTERNET, CONTOS,...) PARA IDENTIFICAR OS MODELOS MASCULINOS E FEMININOS COS QUE ESTÁN A TOMAR CONTACTO
- FAVORECER A PARTICIPACIÓN EQUITATIVA NO FOGAR, DANDO AS MESMAS OPORTUNIDADES E TEMPOS
- EDUCAR NA ATENCIÓN E NO AFECTO
- EMPREGAR UNHA LINGUAXE RESPETUOSA E QUE INCLÚA A TODAS AS PERSOAS
- ACHEGAR DISTINTOS MODELOS DE FEMINIDADE E DE MASCULINIDADE, AFASTADOS DOS ESTEREOTIPOS TRADICIONAIS
- NORMALIZAR A DIVERSIDADE SEXUAL, FAMILIAR, RACIAL, RELIXIOSA,...
- PROMOVER VALORES DE RESPETO E TOLERANCIA ONDE AS FIGURAS ADULTAS TOMEN AS DECISIÓNS CONXUNTAMENTE.
- RESOLVER OS CONFLITOS MEDIANTE O DIÁLOGO

*Somos modelos tanto nas obrigacións que asumimos coma nos dereitos que defendemos!*

*A cousa cambia cando penso que son un modelo*





# PROPOSTAS PARA EDUCAR EN IGUALDADE



**"Así que dibujé una puerta violeta en la pared y al entrar me liberé, como se despliega la vela de un barco."**

**Rozalén**

# PROPOSTAS DE 0 A 3 ANOS

1

Tanto as nais coma os pais teñen dereito á **baixa por maternidade ou paternidade**, aínda que o tempo sexa desigual. Desfrutar deste tempo mellora o contacto co bebé nos primeiros meses de vida.

2

As nais establecen o **primeiro contacto** co bebé se lle dan o peito. Os pais poden establecer este vínculo doutros xeitos: dar o biberón, cambiar os cueiros, vestir, bañar,...

3

A medida que medran precisan manipular obxectos. Precisan **xoguetes simples**. É importante que escollan aqueles que máis lles vaian interesando e non os que os adultos lles proporcionen de xeito estereotipado.

4


É importante permitirlles a **relación con outros** nenos e nenas e con outras persoas que non sexan da propia familia.

5

Sentir o **respeto** das persoas que nos coidan é o mellor xeito de adquirir seguridade persoal. Isto leva ás nenas e ós nenos a aceptarse como son e, por tanto, a respetar e tolerar a outras persoas.

6

As **Escolas Infantís** son medios de socialización. Se se decide usar este servizo é importante buscar lugares onde se fomente a igualdade entre nenas e nenos e a participación activa das nais e dos pais na educación.





CONTOS E LIBROS:

*NI UNA CARICIA A LA FUERZA*, MARION  
MEBES E LIDIA SANDROK.

*RECETAS DE LLUVIA Y AZÚCAR*, EVA  
MANZANO PLAZA.

*YO VOY CONMIGO*, RAQUEL DÍAZ REGUERA.


*CUENTOS PARA SER ESCUCHADOS*,  
FERNANDO RUIZ RICO

"PRINCIPIÑAS E PRINCESIÑOS" Jone  
Ojeda

"UNA FELIZ CATÁSTROFE.  
VIDEOCUENTO" Du Côté de Filles

"SUPERLOLA" Gema Otero / Señora  
Malilla

"LALO, EL PRÍNCIPE ROSA" Gema Otero  
Gutiérrez, Juan A. Muñoz, Shrimpy,  
Oscar Mir Otero/ La Señora Maravilla



# PROPOSTAS DE 3 A 6 ANOS

1

Nesta etapa os comportamentos da nai e do pai teñen máis influencia ca na etapa anterior no que se refire á construción da identidade de xénero. É importante **manterse no estilo de educación igualitario** aínda que a contorna manifeste ideas estereotipadas.

2

Os **modelos de convivencia** que vexan serán adoptados e reproducidos polas nenas e nenos. Normalizar a agresividade e a desigualdade mantén as discriminacións.

3

É fundamental a **corresponsabilidade familiar**. Hai que engadir tarefas sen asignalas en función do sexo, senon da capacidade (recoller a mesa, gardar a roupa, levar a roupa á lavadora, etc.)

4


Ante a aparición dos **celos** é importante ensinarlles que as persoas son independentes e non son propiedade de ninguén. Os celos non son unha manifestación de amor. Se aparecen pola chegada doutro/a neno/a á casa hai que estimular que participe no coidado desta nova persoa (axudar no baño, a cambiala, vestila,...)

5

É importante o acompañamento para que coñezan o seu **corpo**, respondendo ás preguntas de forma clara, facilitando que poidan facer outras preguntas cando o precisen e que se acepten tal e como son.

6

Dentro do fogar é importante estimular o **estudo** para que aprendan a distinguir entre o tempo de ocio, de estudo e o tempo familiar.



# PROPOSTAS DE 6 A 12 ANOS

1

É importante que as **tarefas no fogar** vaian aumentando: recoller a habitación, deixar o baño limpo despois de usalo, poñer ou quitar a mesa todos os días, etc. Irán aprendendo a ser persoas máis autónomas e integradas na familia. De xeito ideal as tarefas deberían rotarse.

2

Hai que aceptar a súa **intimidade para relacionarse** con outras nenas e nenos, pero sen deixar de dialogar para coñecer os seus sentimentos, preocupacións ou intereses.

3

Que a nena ou o neno **exprese os seus sentimentos** e que o adulto exprese os seus é ideal para que se favoreza a comunicación e o entendemento do que está ben e do que está mal.

4

Os **xogos cooperativos** onde se comente o respecto ou o intercambio de roles axudan a desenvolver habilidades de igualdade no trato.

5

Comezarán a **defender as súas ideas**, a substituír a imaxinación pola realidade e a querer distinguir entre a realidade e a ficción.

6

É importante reflexionar con elas/eles sobre o **material ao que teñen acceso**. Observar o seu material escolar para ver qué linguaxe se emprega ou que modelos de muller se trasmiten. Verbalizar as situacións de discriminación e reflexionar sobre elas é un moi bo xeito de educar en igualdade.





CONTOS E LIBROS:

*LAURA APRENDE A VOLAR, IRMA GONZÁLEZ.*

*MARIE, LA PEQUEÑA TEJEDORA DE HISTORIAS, AGNES DE LESTRADE.*

*¿HAY ALGO MÁS ABURRIDO QUE SER UNA PRINCESA ROSA?, RAQUEL DÍAZ REGUERA.*

*COLECCIÓN VIOLETA INFANTIL DE LIBROS, EDITORIAL HOTEL PAPEL EDICIONES*

**"CIENTÍFICAS EN CORTO" Francisco Vega Narváez**

**"48 COSAS QUE LAS MUJERES ESCUCHAN A LO LARGO DE SU VIDA" El HuffPost**


**"LIKE A GIRL" Always**

**"CAMBIA EL CUENTO" Little Revolutions**

**"CIBERCONTROL, NO PERMITAS QUE NADIE CONTROLE TU VIDA" Orange**

**"ARROZ CON LECHE FEMINISTA" Caro Nazar / Koufequin y la Impertinente señorita Orquesta**

**"48 FRASES QUE LOS HOMBRES ESCUCHAN A LO LARGO DE SU VIDA" El HuffPost**





## MULLERES E HOMES FEMINISTAS

Eu esta noite quedo na casa, non me apetece saír

Eu quedei cos meus amigos. Procurarei non facer ruído ó chegar!

Na casa volvéronme preguntar polos nenos...

Ter fill@s só é unha opción, non unha obriga.

Como é que nunca sentiches celos das miñas ex?

"Celos" non significa o mesmo ca amor

No traballo hai un compañeiro que me violenta constantemente

Non o podes consentir. Conta comigo para apoiarte.


E que che gusta de min?

Que es forte, intelixente, valente, constante, aventureira, graciosa emprendedora, ...

**"El día que una mujer pueda no amar con su debilidad sino con su fuerza, no escapar de sí misma sino encontrarse, no humillarse sino afirmarse, ese día el amor será para ella, como para el hombre, fuente de vida y no un peligro mortal"**

**Simone de Beauvoir**

**CREA A TÚA PROPIA HISTORIA, PERO  
CÓNTAA SEMPRE EN IGUALDADE.**



---

---

---

---

**AUTORA OU AUTOR:**



# BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

Familia, educación y género. Conflictos y controversias.  
Teresa Vega Pasquín

Violencia de género, educación y socialización: acciones y reacciones  
Miguel Lorente Acosta

Educación en Igualdad. Cuadernillo de Coeducación y Prevención de la Violencia de Género en el Alumnado.  
Excmo. Ayuntamiento de Sevilla  
Delegación de la Mujer

Cómo compartir la vida en igualdad.  
Consejo de las Mujeres del Municipio de Madrid/Ayuntamiento de Madrid. Área de Familia y Servicios Sociales.  
Dirección General de Igualdad de Oportunidades

Aprendiendo a ser iguales. Manual de coeducación en Igualdad de Género.  
Edición: Asociación de Madres Solas. AMASOL

Coeducación en la familia: Una cuestión pendiente para la mejora de la calidad de vida de las mujeres  
Esperanza Ceballos

Educación en igualdad. La forma de prevenir la violencia de género.  
Evelina López Álvarez

Coeducación, apuesta por la libertad.  
Marina Subirats

La ciudad de los niños.  
Francesco Tonucci

Educación y Prevención de la Violencia de Género en menores  
Ainhoa Flecha

